

PREVISIÓN MARTES 27 DE SETEMBRO, ÁS 11 H

CCOO e UGT denuncian a precariedade no sector turístico e anuncian mobilizacións con motivo do Día Mundial do Turismo

Os sindicatos denuncian a precariedade laboral do sector e os incumprimentos do pactado nos convenios, provocando perda de poder adquisitivo de colectivos que xa tiñan baixos salarios

26-9-2016.- Os sindicatos CCOO e UGT anuncian mobilizacións en todo o Estado con motivo do Día Mundial do Turismo, que se conmemora mañá martes, día 27 e setembro. En Galicia, as dúas organizacións convocaron unha conferencia de prensa ás 11 h na sede nacional de CCOO e, xa ás 12 h, unha concentración fronte a un céntrico hotel de Santiago de Compostela.

Esta xornada de mobilización estatal servirá para denunciar a «explotación laboral» dos traballadores e traballadoras do sector: baixos salarios, precariedade, falta de negociación colectiva sectorial e aumento da externalización para non aplicar os convenios colectivos sectoriais e rebaixar os salarios, inclusive os de colectivos que xa tiñan baixos soldos.

Non se percibe a recuperación

Segundo os datos de CCOO, os datos dos primeiros oito primeiros meses do ano amosan unha recuperación da actividade turística. Por exemplo, o número de visitantes a Galicia aumentou un 5,45 % e o de pernoitas incrementouse o 6,89 % respecto do 2015. Con todo, esta aparente bonanza non se traduciu na mesma medida no número de empregos xerados, que só medrou un 2,52 %, e «aínda por riba» máis do 90 % das contratacións son eventuais.

UGT e CCOO reivindicamos o dereito a unhas condicións de traballo «dignas», a un emprego estable e con dereitos; en definitiva, «loitamos por emprego e salario decentes, queremos deixar de ser a 'cara b' do turismo».

Convocatoria

- Día: martes, 27 de setembro de 2016
- Hora: 11 h (conferencia de prensa) — 12 h (concentración)
- Lugar: conferencia de prensa, na sala de prensa do Sindicato Nacional de CC OO (r/ Miguel Ferro Caaveiro n.º 8, planta baixa; Santiago) — concentración diante do hotel Puerta del Camino (r/ Miguel Ferro Caaveiro, s/n; Santiago)
- Asunto: CCOO e UGT anuncian mobilizacións con motivo do Día Mundial do Turismo

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2016

GABINETE DE COMUNICACIÓN

Horario: luns a venres, 9-14 e 16-19 h

686 469 993 / 981 551 867 | prensa@galicia.ccoo.es

Máis información en: <http://www.galicia.ccoo.es>